



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de SETEMBRO de 2022 (1287/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e trinta minutos do día doce de setembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidad.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(752).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(753).-PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN MIXTA DA ILUMINACIÓN DECORATIVA DA CIDADE DE VIGO NA CAMPAÑA DO NADAL 2022-2023. EXPTE. 8674/106.

Visto o informe de fiscalización de data 12/09/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 09/09/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para contratar contratar por procedemento aberto o contrato mixto de servizos e subministros da ampliación da iluminación decorativa de Vigo na Campaña do Nadal 2022-2023.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 28/06/2022 e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 14/07/2022.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 780.837,20 €, que inclúe un IVE de 135.517,20 € , desde o 1 de outubro de 2022 ata o 31 de xaneiro de 2025, o cal se imputará a partida 4310.2279900 “Instalación e mantemento da Iluminación do Nadal”

| <i>Ano</i> | <i>Período</i> | <i>Importe</i> |
|------------|----------------|----------------|
|------------|----------------|----------------|



Concello de Vigo

| | | |
|--------------|---|-------------------------|
| 2022 | 1 de outubro de 2022 ata 31 de decembro de 2022 | 624.669,76 euros |
| 2023 | 1 de xaneiro de 2023 ata 31 de xaneiro de 2023 | 156.167,44 euros |
| TOTAL | | 780.837,20 euros |

CUARTO.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitador | Puntuación total |
|-------------|-----------------------------|-------------------------|
| 1 | ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. | 100 puntos |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (A-14.041.362), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., o día 5 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 8 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 30 de agosto de 2022 e o acordo da Mesa de Contratación do 2 de setembro polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (A-14.041.362) o procedemento aberto para a contratación mixta da iluminación decorativa da Cidade de Vigo na campaña do Nadal 2022-2023 (8.674-106) coas seguintes condicións:

1. *O prezo total do contrato é de 773.028,83 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 134.162,03 euros.*
2. Propón o seguinte incremento de elementos decorativos:
 - a) Incrementa o número de arcos en relación co esixido no anexo 1A do PPT: si, en 60 unidades e coa seguinte distribución:
 - Modelo ARC 06: 40 unidades
 - Modelo ARC 08: 20 unidades
 - b) Incrementa o número de motivos en relación co esixido no anexo 1A do PPT: si, en 100 unidades e coa seguinte distribución:
 - Modelo MOT 09:75 unidades
 - Modelo MOT 49: 25 unidades



Concello de Vigo

c) Incrementa o número do conxunto de elementos en relación co esixido no anexo 1B do PPT en 30 árbores ou elementos naturais existentes distribuídos en distintos puntos da cidade.

d) Incrementa a porcentaxe do stock de seguridade esixida na cláusula 3.5 do PPT nun 5%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(754).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA DE VIGO. EXPTE. 671/441.

Visto o informe xurídico do 12/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 12/09/2022, asinado polo xefe do Servizo de Investimentos, a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, a concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal e pola concelleira-delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1.- O Boletín oficial do Estado publicou o pasado 13/09/2021, Orde TMA / 957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva.

2.- O obxectivo das subvencións é financiar o desenvolvemento de proxectos piloto de Plans de Acción locais da Axenda Urbana Española que garantan, nun prazo razoablemente curto, a súa aliñación cos obxectivos propostos, a metodoloxía de traballo e o enfoque transversal, estratéxico e integrado. O prazo non poderá exceder dun ano desde a publicación desta convocatoria.

3.- Con data 11 de novembro, o Director Xeral de Axenda Urbana e Arquitectura, resolve adxudicar provisionalmente as axudas para a elaboración de Proxectos Piloto de Acción Local da Axenda Urbana Española as Entidades Locais que

figuran en el Anexo da citada resolución e polos importe alí fixados. No anexo.- LISTADO PROVISIONAL DE ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS, no apartado 5 (entre 100.001 e 300.000 habitantes) figura o Concello de Vigo cunha subvención de 250.000,00 €.

4.- Con data 14 de decembro de 2021, o Concello de Vigo recibe a notificación definitiva da concesión da axuda para a elaboración do proxecto piloto dos plans de acción local da Axenda Urbana Española, de acordo coa resolución definitiva asinada pola Secretaria de Estado de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana.

II.- MARCO CONCEPTUAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA DE VIGO:

A Axenda Urbana Española (AUE) aprobada polo Consello de Ministros o 22 de febreiro de 2019 é a Política Urbana Nacional que, estratexicamente e cunha metodoloxía precisa e detallada, define e desenvolve os obxectivos - xa recoñecidos polas Axendas Urbanas internacionais - para acadar un desenvolvemento urbano sostible ambientalmente, cohesionado socialmente e competitivo economicamente. O resultado dun amplo consenso derivado do proceso de participación posto en marcha ao efecto, esta política urbana nacional de marcado carácter integrado, holístico e transversal, recoñece o papel fundamental das entidades locais para levar a sostibilidade perseguida a todas as vilas e cidades, independentemente do seu tamaño e poboación. A través do recoñecemento dun decálogo de obxectivos estratéxicos, pide accións específicas cun enfoque integrado que inclúan:

- A planificación do territorio e o uso racional da terra.
- O modelo de cidade e a revitalización da cidade existente, evitando a dispersión urbana.
- A necesidade de atender os impactos do cambio climático a partir dos fenómenos urbanos.
- A xestión sostible dos recursos e a economía circular.
- A promoción da proximidade e da mobilidade sostible.
- A busca de equidade e maior cohesión social.
- Impulso á economía urbana.
- A garantía de acceso á vivenda.
- A promoción da innovación dixital.
- A necesaria mellora dos instrumentos de intervención que existen actualmente.



Concello de Vigo

A implementación desta importante Estratexia é clave para lograr a necesaria transición verde, dixital e cohesionada socialmente, desde unha diversidade de áreas e sen perder de vista o seu carácter holístico e inclusivo.

O “Programa de axudas para a elaboración de proxectos piloto de Plans de Acción local da Axenda Urbana Española” ten como obxectivo promover a implantación da Axenda Urbana Española e a planificación estratéxica que defende como unha das reformas estruturais incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aprobada polo Goberno de España, -concretamente a Reforma 1 do compoñente 2 (C2.R1)-, e como apoio a ela deseñouse o investimento 6 do compoñente 2 (C2.I6). Este Programa busca a súa implantación específica a escala local mediante o recoñecemento de experiencias piloto exitosas e transferibles a outros lugares. Co desenvolvemento destes plans de actuación, poderase fundamentar os obxectivos de sustentabilidade social, económica e ambiental nas políticas específicas de desenvolvemento urbanístico correspondentes a dita escala territorial, que é a máis directamente implicada e tamén a máis próxima á cidadanía. O seu desenvolvemento pasa por abordar un procedemento de planeamento integrado seguindo a metodoloxía proposta pola Axenda Urbana Española e de acordo cos seus obxectivos estratéxicos.

Así, as axudas aprobadas pola MITMA teñen como finalidade financiar a elaboración de proxectos piloto de Plans de Acción locais da Axenda Urbana Española que garantan o seu aliñamento cos obxectivos, a metodoloxía de traballo e o enfoque transversal, estratéxico e integrado por aquela.

Os obxectivos destes proxectos son:

- a) Dotar ao proceso de implantación da Axenda Urbana Española de Plans de Acción no ámbito local que permitan asentarse eficazmente nos devanditos territorios os obxectivos de sustentabilidade social, económica e ambiental nas súas políticas específicas de desenvolvemento urbano.
- b) Ser capaz de servir de modelo e guía, como experiencias piloto, para que outras Entidades Locais interesadas poidan elaborar os seus propios Plans de Acción con certeza e eficacia, en prazos razoablemente breves.
- c) Contar cun sementeiro de proxectos e actuacións concretas susceptibles de ser abordados materialmente e que visibilicen o potencial da Axenda Urbana Española para traballar nos ámbitos urbanos de calquera concello, independentemente da súa dimensión, de forma transversal e integrada, cunha visión estratéxica. visión e a través dun modelo de gobernanza que garanta a máis ampla participación.

III.- Criterios para a xustificación da financiación e do cumprimento da

finalidade da subvención:

A Orde TMA/957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención de subvencións polo réxime de concorrencia competitiva, indica no “artigo 11 Sistema de pagamento e xustificación do financiamento e cumprimento da finalidade da subvención” entre outros asuntos que:

4.- A xustificación dos gastos realizarase, unha vez transcorrido o ano a que se refire o artigo 1, de conformidade co disposto no artigo 30 da Lei de subvencións e, en concreto, deberá presentarse ante a Subdirección Xeral de Políticas Urbanismo da Dirección Xeral de Axenda Urbana e Arquitectura da Consellería a seguinte documentación:

*- O Plan de Acción local, **aprobado polo órgano competente da Entidade local correspondente** que, aínda que non é un fin en si mesmo, marca o inicio do seu proceso de execución, avance e avance.*

- A memoria xustificativa onde se inclúa a certificación da efectiva realización das distintas actividades e actuacións obxecto da axuda, desde o inicio do traballar para elaborar o Plan de Acción ata a súa finalización, sen prexuízo da obriga de presentar os documentos xustificativos que o avalen no caso de que se requiren. O devandito informe tamén incluírá unha conta de apoio que conterá, como mínimo, unha relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acredor e do documento que o acredita, o seu importe, data de emisión e data de pagamento, así como facturas ou documentos de valor probatorio equivalente en tráfico mercantil, incorporado na relación clasificada de gastos, a documentación xustificante do pagamento e xustificación de ter respectado o principio de non causa a danos significativos ao medio ambiente, así como para cumprir coas condicións do etiquetaxe climática prevista no apartado 6) do artigo 2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro dende 2021

IV.- DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO: PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA DE VIGO:

a.- conformación dunha estrutura organizativa:

O Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo parte da experiencia adquirida nos procesos de reflexión estratéxica desenvolvidos nos últimos anos polo Concello de Vigo, que acolle un grupo de traballo interno integrado por representantes de cada área de servizo. O plan de acción estrutúrase arredor dos 10 obxectivos



Concello de Vigo

estratéxicos recollidos na Axenda Urbana Española e os seus respectivos obxectivos específicos.

Como actuacións iniciais para o desenvolvemento do plan de acción debese destacar que o Concello de Vigo adxudicou con data 16 de xullo de 2021, o contrato de servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441).

Para a elaboración do plan de actuación, a proposta de traballo aprobada determinou dous órganos de coordinación do documento:

- Comisión Xestora cuxa responsabilidade é do Departamento Delegado da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que se encarga de “promover e coordinar as actuacións municipais para o cumprimento dos ODS dentro da axenda 2030.

Esta comisión conta coa participación directa do 2o Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Fomento e Servizos e do 4o Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Desenvolvemento Urbano.

- Comisión Técnica de Traballo: integrada por técnicos de todas as áreas de servizo do Concello de Vigo.

Así mesmo en relación as necesidades organizativas vinculadas o desenvolvemento das actuacións descritas anteriormente e outras obrigas complementarias para o Concello de Vigo como xestor de fondos do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiados a través do programa Next GenerationEU, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de novembro de 2021, entre outros asunto aprobou o expediente 1058/441 “PROGRAMA DE XESTIÓN DAS AXUDAS DO PROGRAMA NEXT GENERATION UE», que concreta a determinación dun equipo de traballo específico. Dito conforma o seguinte organigrama:

- Concellería municipal responsable: Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos.

Conformación dun equipo para a desenvolvemento do Programa Municipal para os proxectos financiados cos Fondos do PRTR, estará conformada por unha coordinación técnica responsable do programa, por un comité técnico do Programa, por un comité de autoavaliación e por un equipo técnico de xestión.

A vista destes antecedentes, así como a obriga do Concello de Vigo para desenvolver o proxecto presentado para a implantación do plan de acción da Axenda Urbana no Concello de Vigo, e co obxectivo de avanzar no desenvolvemento deste proxecto, foi proposta por resolución da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, no ámbito da

sua competencia de “Promover e coordinar as actuacións municipais para o cumprimento dos ODS dentro da Axenda 2030”, así como a específica en relación a coordinación e dirección executiva do proxecto Piloto de implantación do Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo, a conformación da “Comisión Técnica “Axenda Urbana de Vigo” proposta no proxecto organizativo presentado para o desenvolvemento do “Piloto para a implantación do plan de acción da Axenda Urbana do Concello de Vigo”.

b.- Aprobación do Plan de medidas Antifraude:

A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o sistema de xestión do PRTR, é de aplicación ás entidades que integran o sector público de conformidade co disposto no artigo 2.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como a cantos outros axentes interveñan na execución do PRTR como receptores de fondos, establecendo os procedementos e instrumentos necesarios para garantir a súa coordinación e seguimento.

A vista do contido desta Orde, O Concello de Vigo como entidade beneficiaria e executora de proxectos financiados con fondos económicos do PRTR, deberá contar cun "Plan de medidas antifraude" que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, utilizáronse os fondos correspondentes de acordo coa normativa aplicable, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses.

En base a todo o proceso desenvolto no Plan de integridade na contratación e tendo en conta as peculiaridades da Orde HFP/1030/2021, dende a Coordinación técnica do Programa Municipal para os proxectos financiados con fondos do PRTR e coa colaboración do Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, procedeuse a conformar documentalmente o Plan de medidas antifraude.

O «Plan de medidas antifraude» é de aplicación á totalidade das empregadas e empregados públicos que desempeñan as súas funcións no Concello de Vigo.

De forma xeral aplícase ao ámbito xeral dos servizos que presta o Concello de Vigo en relación ás tarefas de xestión, seguimento, control e pago de todos os procedementos administrativas que os vinculen, e de forma específica, a todos os expedientes que se desenvolvan financiados co Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, a través dos fondos Next GeneraciónEU, sobre os cales o Concello de Vigo teña a responsabilidade de entidade executora.

Así mesmo, as medidas do Plan serán aplicables, co grao de obrigatoriedade correspondente, ás entidades e persoas beneficiarias privadas, socios, contratistas e subcontratistas, que resulten perceptores ou cuxas actuacións sexan financiadas con fondos provenientes destas actuacións.

O contido integro da documentación que complementa o PLAN DE MEDIDAS



Concello de Vigo

ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, e que se corresponde co acordo da comisión de autoavaliación de data 8 de marzo de 2022, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 11 de marzo de 2022. (enlace: https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_antifraude.php?lang=gal#/).

c.- Metodoloxía para o desenvolvemento do Plan de Acción:

Unha vez definida esta estrutura, realízase unha primeira análise e clasificación dentro dos 10 obxectivos estratéxicos da AUE do pensamento estratéxico desenvolvido polo concello de Vigo a través de diferentes documentos de ordenación e ordenación urbanística e territorial (Plan Xeral de Ordenación Municipal, PMUS, Vigo, DUSI Estratexia Vertical de Vigo, Plan de Sostibilidade Turística de Destino, etc.).

En base a isto, realizouse unha diagnose que expón de forma sintética e práctica unha análise cuantitativa que avalía a situación de Vigo en relación cos obxectivos da AUE e unha análise cuantitativa que reflicta a situación actual de Vigo con respecto ao descritivo. datos.e seguimento que aparecen nas AUE e sobre os que se traballou a súa desagregación a nivel veciñal. Na elaboración do diagnóstico, tamén se tiveron en conta a planificación territorial e estratéxica de carácter provincial, autonómico e transfronteirizo que teña aplicación directa no concello de Vigo, como son: Directrices de Ordenación do Territorio, Plan de Ordenación do Litoral, Axenda Urbana Eixo Atlántico, etc. aínda que non están clasificados dentro dos 10 obxectivos estratéxicos da AUE xa que non son competencia municipal.

A partir das análises anteriores establécense unhas primeiras conclusións sobre os principais problemas e retos aos que se enfrenta a cidade de Vigo en relación con cada área temática. Para iso, a Comisión Técnica de Traballo realiza varias sesións de traballo nas que as áreas de servizo se organizan por dimensións temáticas para a posta en común de problemas e a identificación de retos (temáticos e específicos) en relación cos obxectivos temáticos da AUE.

Para a elaboración do plan de actuación do concello de Vigo, e seguindo a metodoloxía e a ferramenta recomendadas pola AUE, as distintas áreas de servizo do concello de Vigo incorporaron as medidas e propostas existentes, en execución e previstas dende cada área de servizo. que, pola súa aliñación co marco estratéxico da AUE e os problemas e retos estratéxicos identificados, son de interese para o plan de acción. Isto permítenos ter un mapa conxunto da interacción entre a actuación do goberno municipal e os obxectivos da AUE así como identificar aqueles aspectos previstos na AUE que poidan ser obxecto de impulso de actuacións complementarias por parte do concello de Vigo.

Unha vez realizado este exercicio, a Comisión Técnica de Traballo celebrou unha sesión de traballo para identificar proxectos e propostas de especial relevancia e que polas súas características integradas repercutirían no conxunto de

obxectivos e retos do plan de acción.

O resultado final deste traballo é o plan de actuación do concello de Vigo para a axenda urbana española organizado ao redor dos 10 obxectivos temáticos e 30 obxectivos específicos da AUE e onde as medidas, actuacións e proxectos amosan a resposta do concello de Vigo ao liñas de actuación existentes. Recóllese en forma de táboa Excel seguindo a metodoloxía proposta pola AUE. Todo isto está estreitamente relacionado cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Así mesmo, o plan de actuación tamén contempla os 30 compoñentes que articulan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, incluíndo nel as actuacións e manifestacións de interese formuladas polo concello de Vigo.

Este documento resume as medidas e actuacións dos instrumentos de planificación existentes e dos proxectos singulares que, pola súa aliñación cos obxectivos estratéxicos e específicos da AUE, son máis destacados. Estas medidas, actuacións e proxectos singulares complétanse cun conxunto de actuacións e proxectos xa previstos polo Concello de Vigo para o horizonte 2030, así como cunha serie de proxectos tractores que, polo seu carácter integrado e multidimensional, son fundamentais para acadar os obxectivos do plan de acción. Todas estas medidas, accións e proxectos ordénase arredor dun conxunto de retos temáticos e específicos que Vigo identifica como aliñados coa AUE.

d.- Estrutura e contidos do Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo.

O documento que se achega con este expediente para a aprobación do “PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA DE VIGO”, conformase coa seguinte estrutura:

BLOQUE A: Diagnóstico

1. Introducción

Xustificación dos traballos realizados.

2. Marco estratéxico e financeiro

3. Diagnóstico e DAFO temático

- Modelo urbano de Vigo
- Planificación estratéxica actual
- Terra e poboación
- Vivenda
- Economía e sociedade urbanas
- Mobilidade e espazo público.
- Cambio climático
- Bo goberno e participación



Concello de Vigo

4. Análise DAFO integrada

- Análise DAFO
- Retos e obxectivos estratéxicos

BLOQUE B: Plan de Acción

5. Plan de Acción

- Metodoloxía
- Instrumentos de planificación e medidas implementadas aliñados coa Axenda Urbana Española para o Concello de Vigo dende 2015
- Plan de Acción
 - Obxectivo estratéxico AUE 1: Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo.
 - Obxectivo estratéxico AUE 2: Evitar a expansión urbana e revitalizar a cidade existente.
 - Obxectivo estratéxico 3 da AUE: Previr e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia.
 - Obxectivo estratéxico 4 da AUE: Facer unha xestión sustentable dos recursos e promover a economía circular
 - Obxectivo estratéxico 5 da AUE: Promover a proximidade e a mobilidade sostible
 - Obxectivo estratéxico 6 da AUE: Promover a cohesión social e procurar a equidade
 - Obxectivo estratéxico 7 da AUE: promover e favorecer a economía urbana
 - Obxectivo estratéxico 8 da AUE: Garantir o acceso á vivenda
 - Obxectivo estratéxico 9 da AUE: Liderar e fomentar a innovación dixital
 - Obxectivo estratéxico 10 da AUE: Mellorar os instrumentos de intervención e a gobernanza

6. Indicadores de seguimento e avaliación

- Introducción
- Actuacións desenvolvidas polo Concello de Vigo no marco do Programa de Axudas para a elaboración de proxectos piloto dos plans de acción de SEA. Observatorio Urbano de Vigo

7. Gobernanza

- Gobernanza na elaboración do Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo do Concello de Vigo
- Actuacións desenvolvidas polo Concello de Vigo no marco do Programa de Axudas para a elaboración de proxectos piloto dos plans de acción de SEA. Convenio coa Universidade de Vigo

8. Comunicación

- Folla de ruta para a comunicación da Axenda Urbana do Concello de Vigo.
- Proposta de plan de comunicación da Axenda Urbana de Vigo
- Páxina web da Axenda Urbana do Concello de Vigo
- Intranet para responsables políticos, funcionarios
- Difusión da Axenda Urbana Española e do Plan de Acción da Axenda Urbana do Concello de Vigo

Este documento correspóndese cos traballos técnicos encomendados á UTE UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - SERVIZOS DE ENXEÑARÍA EPTISA, S.L. con base na execución do contrato de servizos para o desenvolvemento do proxecto de Axenda Urbana do Concello de Vigo establecido no expediente (671-441).

O devandito documento «PLAN DE ACTUACIÓN DA AXENDA URBANÍSTICA DE VIGO», é favorablemente informado polo responsable do contrato, indicando que cumpre con todas as obrigas do Concello de Vigo, en relación coa xustificación que deberá presentar ante o Subdirección Xeral de Políticas Urbanas da Dirección Xeral de Axenda Urbana e Arquitectura do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en relación coa Orde TMA/957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas. para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención de subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva”, para o que se procede a propoñer a súa aprobación.

V.- Procedemento e competencia:

Consta no expediente a documentación completa do “plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo”, de acordo cos condicionantes establecidos na Orde TMA / 957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española. Dito documento que se achega como anexo a



Concello de Vigo

esta proposta consta da documentación e contidos indicados no apartado “d”, da parte expositiva.

De acordo coa Orde TMA/957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española, publicada no BOE de data 13 de setembro de 2021, débese cumprir para a xustificación da execución do Plan de Acción (artigo 11), entre outros asuntos de:

- O Plan de Acción local, deberá ser aprobado polo órgano competente da Entidade local correspondente.
- O prazo para a súa aprobación (artigo 1) establececese que non poderá exceder dun ano a contar dende a publicación da convocatoria (BOE 13/09/2021).

A vista destas condición e de acordo co informe emitido con data 31/08/2022, pola Secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo ven a indicar que:

O Concello de Vigo, ao superar o número de 250.000 habitantes, constitúe un municipio de gran poboación suxeito ao réxime xurídico previsto no título X da LRBRL.

A Disposición adicional undécima da LRBRL respecto do réxime especial dos municipios de gran poboación determina :“Las disposiciones contenidas en el título X para los municipios de gran población prevalecerán respecto de las demás normas de igual o inferior rango en lo que se opongán, contradigan o resulten incompatibles.”

A LRBRL, no recolle atribución competencial específica en materia de “ aprobación de plans de acción ou similar” polo que órgano competente será o Alcalde vía cláusula residual (artigo 124.4.ñ LRBRL). Non obstante por Resolución de Alcaldía de data 18.06.2019 delegouse na Xunta de Goberno Local as facultades en materia de aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal, mesmo as que se realicen para a dirección e impulso dos servizos.

CONCLUSIÓN

O órgano competente compete para a aprobación do Plan de acción Local de Axenda Urbana Española é a Xunta de Goberno Local.

De acordo coa propia convocatoria o deseño e aprobación do Plan de acción local da Axenda Urbana de Vigo, correspóndese cun documento de carácter estratéxico que ten por obxecto para o desenvolvemento da Cidade e en si

mesmo, marca o inicio dun proceso para o seu desenvolto e non establece obrigas de recoñecer obrigas económicas, as cales deberán conformarse nos correspondentes orzamentos municipais en relación a capacidade de execución e desenvolvemento que requiran os proxectos específicos en cada momento.

Á vista das anteriores circunstancias, fórmulase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte, PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o “PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA DE VIGO”, de acordo co documento que se achega a esta proposta e que se conforma do contido e alcance descrito no apartado “d” da parte expositiva.

Segundo.- Dar traslado deste acordo a Subdirección Xeral de Políticas Urbanas da Dirección Xeral da Axenda Urbana e Arquitectura do Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana os efectos oportunos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

A PRIMEIRA TTE. ALCALDE (RA. 11/09/2022)
M^a Carmen Silva Rego